

**CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA O
DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS QUE REDUNDEN EN BENEFICIO DO DEPORTE
EN GALICIA E DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA GALEGA**

Pontevedra, 5 de decembro de 2024

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, nomeado conselleiro de Presidencia, Xusticia e Deportes a través do Decreto 44/2024, de 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia e no uso das competencias establecidas no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xusticia e Deportes.

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da comunidade autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 117, do 20 de xuño, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro, con enderezo no edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

Ambas as partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste Convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN

I. Que a Xunta de Galicia, conforme ó subliñado no Estatuto de Autonomía, arrogase a competencia sobre a promoción deportiva (artigo 27, apartado 22), sendo a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, a encargada de asumir, a estes efectos, a promoción do deporte e da práctica deportiva na Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Que a Universidade de Vigo é unha institución pública con personalidade xurídica propia que asume, con plena autonomía, funcións de servizo público mediante o estudo, a docencia e a investigación.

III. Que no artigo 5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG de 13 de abril) especifícase que consonte a competencia exclusiva establecida no artigo 27.22 do Estatuto de autonomía de Galicia, correspóndelle á Administración autonómica o exercicio das seguintes competencias: n) promover, ordenar e organizar o deporte en idade escolar, e fomentar e coordinar as actividades deportivas entre as universidades galegas, sen detrimento das competencias destas na actividade deportiva; ñ) promover e impulsar, en





colaboración coas universidades e outras entidades e administracións, a investigación no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte; o) ordenar e organizar as ensinanzas deportivas, así como a expedición dos correspondentes títulos que as acrediten, sen prexuízo das competencias do Estado e das universidades nestas materias; p) promover, en colaboración coas universidades, con outras entidades e administracións e coas propias entidades deportivas, a atención médica e o control sanitario dos deportistas.

Asemade, o artigo 26 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG de 13 de abril) especifica que a Administración deportiva da Comunidade Autónoma colaborará coas universidades radicadas en Galicia nas actividades de fomento e promoción da actividade física e do deporte, así como na organización e realización de actividades deportivas non encadradas en competicións oficiais.

En consecuencia, a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, recolle a necesidade de establecer unha estreita colaboración entre á administración autonómica competente en materia deportiva e as universidades galegas en orden a ensinanza do deporte, a súa promoción e ordenación e á investigación científica deportiva.

IV. Que, entre os centros universitarios adscritos á Universidade de Vigo está a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, sita no campus de Pontevedra, na que ademais de impartirse o Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, se desenvolven estudos de postgrao como o Master en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde e proxectos de doutoramento e investigación en Deporte e Saúde.

V. Que entre os centros adscritos á Secretaría Xeral para o Deporte está o Centro Galego de Tecnificación Deportiva (en adiante CGTD) de Pontevedra, clasificado polo Consello Superior de Deportes como centro de tecnificación, en virtude da Resolución de 27 de maio de 2014, da Dirección Xeral de Deportes, pola que se clasifican as instalacións e os programas deportivos para o desenvolvemento do deporte de alto nivel e de competición.

É o centro autonómico de referencia destinado á tecnificación, promoción e mellora técnica dos deportistas de cara á alta competición, en diversas modalidades deportivas, contando con 160 prazas que se cubren en cada curso escolar. Dito centro constitúe un entorno moi propicio para o desenvolvemento e aplicación práctica de investigacións en materia de biomecánica e rendemento deportivo.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes está interesada en promover unha estreita colaboración entre os departamentos científicos e de investigación e o CGTD que axuden tanto aos adestradores como aos deportistas a conquistar os seus obxectivos de rendemento, o que posibilitará a clasificación do CGTD como un Centro Especializado de Alto Rendemento por parte do Consello Superior de Deportes.

VI. Que ambas as entidades consideran de interese común promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento científico e tecnolóxico, procurando unha aplicación práctica do coñecemento en proveito da sociedade.



VII. Que é desexo das dúas institucións subscribir un convenio marco de colaboración que instrumente e que regule as súas relacións mediante a eventual subscripción de convenios específicos.

IV. Que conforme ó exposto, ás Partes, recoñecéndose capacidade mutua, acordan subscribir o presente Convenio marco de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS


PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto do presente Convenio é establecer o desenvolvemento de colaboracións entre as partes destinadas á execución conxunta de actuacións que redunden en beneficio do deporte en Galicia e da Comunidade Universitaria Galega.

SEGUNDA.- Actividades e proxectos obxecto de colaboración.

O propósito deste convenio é realizar actividades e proxectos de forma conxunta que resulten de interese para as Institucións que representan, entre as cales, en forma enunciativa pero non limitada, menciónanse as seguintes:

1. Intercambio de espazos (deportivos, docentes, etc) entre a Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra) e a Secretaria Xeral para o Deporte (CGTD) que redunden na mellora da docencia, da investigación, e do adestramento das Partes.
2. Promoción e colaboración cos departamentos científicos e de investigación da Universidade de Vigo no desenvolvemento de proxectos de investigación en base as necesidades e posibilidades de cada unha das partes, que axuden tanto aos adestradores como aos deportistas a conquistar os seus obxectivos de rendemento.
3. Asesoramento e apoio en materia de planificación, seguimento e control do adestramento tanto físico, biomecánico como psicolóxico para os deportistas becados no Centro Galego de Tecnificación Deportiva.
4. Elaboración e Intercambio de publicacións, traballos de investigación vinculados co deporte e a educación física que resulten de interese.
5. Organización e realización de todo tipo de actividades académicas e deportivas, tales como: cursos, congresos, conferencias, simposios, seminarios, concentracións, campionatos, etc.
6. Apoio a estudantes no desenvolvemento de prácticas curriculares ou preprofesionais.
7. Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e segundo a legalidade establecida na normativa de contratación do sector público.



TERCEIRA.- Confidencialidade na difusión de información.

Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas ou técnicas no desenvolvemento dos proxectos de investigación que se leven a cabo.

Os datos e informes obtidos durante a realización dos proxectos conxuntos, así como os resultados finais, terán carácter confidencial. Cando unha das partes desexa utilizar os resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación como artigo, conferencia, etc., deberá solicitar a conformidade da outra parte por escrito, mediante carta certificada dirixida ao responsable do seguimento do proxecto.

Calquera que sexa o modo de difusión, respectarase sempre a mención dos/as autores/as do traballo. No caso de patentes, estes/as figurarán na calidade de inventores/as. En calquera caso, farase sempre referencia especial a este convenio.

CUARTA.- Comisión de seguimento.

Para a adecuada execución do presente Convenio, as Partes conveñen en constituir una Comisión Mixta e paritaria conformada por dous representante da Secretaría Xeral para o Deporte e dous representantes da Universidade, nomeados os primeiros polo Secretario Xeral para o Deporte e, os segundos, polo Excmo. Sr. Rector Magnifico da Universidade de Vigo. Dita comisión constituirase como máximo un mes despois da sinatura do presente convenio.

A dita comisión será o órgano de planificación, concreción, seguimento e avaliación das accións derivadas deste convenio marco e atenderá e resolverá todas as cuestións relacionadas con el e cos convenios específicos que, no seu caso, se establezan. Así mesmo, correspóndelle estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas.

A comisión mixta reunirse sempre que o solicite unha das partes e, polo menos, unha vez ao ano, e elevará informes e propostas aos órganos reitores de ambas as partes.

QUINTA.- Obrigas económicas.

A celebración deste convenio marco non supón gasto algún para ningunha das partes asinantes, polo que non precisa consignación orzamentaria.

SEXTA.- Acordos específicos.

As actuacións conxuntas que precisen de asignación orzamentaria concreta polas partes, ou calquera outra actuación que non se poida deducir dos termos do presente convenio, serán obxecto de acordos específicos.

Cada un dos programas concretos de colaboración entre ambas as partes requirirá a elaboración dun convenio específico no que se determinará:

- a) Definición do obxecto que se persegue.



- b) Descrición do programa de traballo, con indicación das súas distintas fases e do correspondente horario.
- c) Formulación e aprobación do orzamento total asignando, de ser o caso, a conseguinte partida orzamentaria.
- d) Relación das persoas que nel interveñen.
- e) No caso de investigacións conxuntas estableceranse as bases de entendemento para a publicación de resultados, recoñecemento de créditos a investigadores/as, así como a forma de rexistro e participación no relativo a dereitos da propiedade industrial e intelectual.
- f) Calquera outro aspecto considerado relevante.

SÉTIMA.- Vixencia.

Este convenio empezará a producir os seus efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha duración de 4 anos.

Non obstante, antes do remate do prazo previsto se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

OITAVA.- Causas de resolución.

Son causas de resolución:

- 1.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- 2.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do mesmo incluído o período de prórroga establecido no mesmo.
- 3.- O acordo unánime dos asinantes.
- 4.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.
- 5.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

NOVENA.- Denuncia.





No caso de que calquera das partes decida denunciar este convenio, deberá anunciálo á outra con, polo menos, tres meses de antelación. As partes conveñen que, non obstante o anterior, os proxectos específicos e actividades que, de ser o caso, se estivesen desenvolvendo no momento de declararse a terminación deste convenio, continuarán desenvolvéndose ata a súa total conclusión baixo as bases que orixinariamente se acordaron.

DÉCIMA. Resolución por incumprimento.

O incumprimento de calquera das obrigas ou compromisos contraídas polas partes neste convenio, son causa de resolución do mesmo. Neste caso calquera das partes poderá notificar a parte incumplidora un requerimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas e compromisos que se consideren incumplidos. Este requerimento será comunicado aos responsables do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e as partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa da resolución e se entendera resolto o convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Modificación.

As partes poderán modificar este documento en calquera momento de mutuo acordo, a través dunha addenda.

DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza do convenio e xurisdición competente.

Os acordos que se reflicten neste convenio, e nos específicos que se asinen, terán sempre carácter administrativo e non se derivarán deles, en ningún dos casos, dereitos ou obrigas de carácter laboral.

As cuestións litixiosas xurdidas verbo da interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio, serán resoltas en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria. As que non poidan ser resoltas na comisión, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Protección de datos persoais

As partes manifestan e comprométense a darlles aos datos de carácter persoal, que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, un uso adecuado no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (RXPd), e as normas de desenvolvemento que a cada parte lle resulte aplicables.





Dado que o presente documento constitúe un acordo xeral de colaboración que non prevé actuacións concretas directamente esixibles entre as partes, nos convenios que se formalicen para o seu desenvolvemento conterase a oportuna cláusula en materia de protección de datos (e, de ser o caso, xuntarase a documentación adicional precisa) que atenda ao grao de implicación das partes respecto dos tratamentos de datos derivados do cumprimento e execución das prestacións.

Sen prexuízo do anterior, os datos persoais que figuran neste convenio relativos ás persoas asinantes serán e/ou poderán ser obxecto das actuacións derivadas da aplicación e cumprimento da normativa de transparencia e acceso á información pública aplicable á Universidade de Vigo e, de ser o caso, á outra parte.

DÉCIMO CUARTA.- Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo con o previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para ou ano 2006.

As partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan este convenio marco en exemplar duplicado no lugar e data indicado ao comezo.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

O reitor da Universidade de Vigo

Manuel Joaquín Reigosa Roger

